

PEZA DESTACADA

A PEZA

A peza reproduce parte da estrutura dunha colmea acompañada de cinco abellas.

Trátase dun modelo no que varias das pezas das que se compón permiten a súa desmontaxe e manipulación cunha finalidade didáctica, posibilitando a observación do interior das celas da colmea e mesmo a anatomía da abella. Cada un dos elementos que se visualizan está sinalado cun número ou letra, o que indica a posibilidade de que a maqueta estivera acompañada dunha folla coa identificación de cada un deles.

O modelo procede do IES Xelmírez I (Santiago de Compostela), como parte do material didáctico do centro escolar, e foi fabricado no obradoiro do Dr. Auzoux, en París, en 1907.

Modelo clásico de colmea

París, 1907

Dr. Louis Thomas Auzoux

IES Xelmírez I. Rede MUPEGA



OS MODELOS CLÁSTICOS DE LOUIS AUZOUX

Os modelos clásticos foron un recurso didáctico moi empregado ao longo do tempo. Vinculados inicialmente ao ensino da anatomía humana en universidades de medicina, sería no século XIX cando, dan man do doutor Louis Auzoux, estas pezas sufriron unha serie de cambios e ampliaron o seu uso.

Con anterioridade ao século XIX este tipo de modelos realizábanse habitualmente con cera, o que facía foran fráxiles, pouco prácticos para unha montaxe e desmontaxe habitual, e sufriran un gran desgaste co uso. Como solución o francés Loius Auzoux comezou a utilizar papel maché, pintado e vernizado. Os seus modelos, prácticos pero tamén de gran precisión e detalle, foron adquirindo moita fama e a produción do seu obradoiro incrementándose.

A súa popularización faría que ampliara o catálogo de modelos, incorporando xa non só anatomías humanas senón tamén de animais e posteriormente mesmo modelos de plantas. Ao tempo o seu uso, que agora ofrecía xa moitas mais posibilidades, espallábase e chegaba entón aos centros de ensino secundario.



Modelo clástico de man.
1885
Colección IES Sánchez Cantón



Anatomía do caracol.
1907
IES Arcebispo Xelmírez I

OS MODELOS CLÁSTICOS NO ENSINO

A mediados do século XIX producíase en España a consolidación dos institutos como centros para o ensino secundario. Neste proceso, dirixido primeiro polo Plan Pidal (1845) e posteriormente pola Lei Moyano (1857), os institutos serían concibidos como un lugar non só de docencia, senón tamén de investigación e experimentación, esixíndolles dotarse de gabinetes de ciencias naturais, de física e xardíns botánicos cos que modernizar o ensino.



Así nas seguintes décadas estes centros víronse na necesidade de adquirir abundante material co que conformar estas coleccións. De feito, para facelo posible, chegaronse a implantar medidas como a asignación de parte do prezo de matrícula ao aumento e mellora do material científico dos centros. Neste sentido as pezas do Dr. Auzoux foron, polo seu prestixio, das mais prezadas pasando a formar parte en varios centros de segunda ensinanza dos seus Gabinetes de Historia Natural.

BIBLIOGRAFÍA

COSTA RICO, R. *Historia da educación e da cultura en Galicia*. Vigo, Xerais, 2004.

GOMIS, A. e RUIZ-BERDÚN, D. "Los modelos clásicos del Dr. Auzoux, del aula al museo", *Boletín de la Real Sociedad Española de Historia Natural*, Madrid, nº 3 (2016)

RUIZ BERRIO, J. "El plan Pidal de 1845: Los institutos públicos, dinamizadores de las capitales e provincia", *Revista Participación Educativa*, Madrid, nº 7 (2008)

Texto: Laura Rodríguez Castelos (Área de didáctica)